



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

### **MOCIÓN PARA A INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NA INTERSECCIÓN DA FLORIDA**

Non é a primeira vez que esta agrupación trae ao pleno os problemas de tráfico que existen na intersección da Florida.

É un lugar onde se cruzan varias vías, ademais da vía de tren, e onde o tráfico presenta importantes problemas, o que pode dar lugar a que se produzan accidentes a pesar de é un lugar onde os vehículos discorren a pouca velocidade.

Na intersección da Florida conflúen a rúa Calvo Sotelo, que ten ata tres direccións, cara a estación do tren, cara a rúa Roberto Baamonde e cara outras rúas que están máis alén da vía do tren.

As rúas Roberto Baamonde e Ramón Valle Inclán tamén teñen unha situación moi semellante, con tres direccións de circulación. Pola súa banda, a rúa Benito Vicetto, conta con dúas direccións.



Ante esta situación, son numerosos os problemas circulatorios nestes puntos, sobre todo nas rúas Calvo Sotelo e Ramón Valle Inclán.

O principal problema semella ser o dobre ou triplo sentido de circulación, pois aínda que existe unha regulación semafórica, semella non recoller a sinalización para todas as posibilidades circulatorias polo que, en ocasións, o tráfico chega a colapsar pola imposibilidade de seguir circulando.

Unha situación que pode cualificarse como curiosa, xa que dende o Concello de Monforte estase a ter unha actitude especialmente vixilante, sobre todo en zonas peonís ou no uso das zonas de carga e descarga.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordos para o seu debate e, se procede, a súa aprobación no pleno da corporación municipal:

- Que o equipo de goberno mellore a seguridade viaria na intersección da Florida desenvolvendo as seguintes actuacións:
  - 1- Mellorar a vixilancia nesa zona, ben sexa a través de medios dixitais, con axentes da policía local ou calquera outro medio efectivo para garantir unha boa circulación e a seguridade viaria.
  - 2- Desenvolver un estudo de mellora de sinalización viaria no municipio para evitar que se repitan estas situacións.